

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

11492 *Orde HAP/2075/2014, do 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais.*

PREÁMBULO

A recente reforma do réxime local instrumentada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu punto trinta e un do artigo primeiro, introduciu un novo precepto, o artigo 116 ter, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en que se conteñen determinados criterios básicos relativos ao custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais.

Refírense eses criterios ao ámbito obxectivo de aplicación da dita magnitude, á fonte de información en que se debe fundamentar o seu cálculo e á publicidade que dela se deberá realizar co obxecto de afondar no cumprimento dos principios de eficiencia e de transparencia da xestión pública local.

Dese modo, dispón aquel precepto que a totalidade de entidades locais, e en relación con todos e cada un dos servizos que presten, deberá calcular antes do día 1 de novembro de cada ano o custo efectivo correspondente. Para iso, terase que utilizar como fonte de información a liquidación do orzamento xeral e, de ser o caso, das contas anuais aprobadas das entidades vinculadas ou dependentes, correspondente ao exercicio inmediato anterior. Como criterio de determinación do custo efectivo considérase que deben estar integrados por custos reais directos e indirectos que deriven da execución de gastos. En consecuencia, identifícase coas obrigacións recoñecidas por determinados conceptos de gasto o custo dun servizo prestado por unha entidade suxeita ao réxime orzamentario e, así mesmo, identifícase cos gastos de explotación reflectidos na conta de perdas e ganancias nos supostos de que o servizo o preste unha entidade suxeita ao plan xeral de contabilidade da empresa.

Establece o mencionado artigo 116 ter que, mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas, se desenvolverán eses criterios de cálculo e que todas as entidades locais comunicarán os custos efectivos de cada un dos servizos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa publicación.

Por outra parte, a Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, ao presentar unha maior desagregación da clasificación por programas permitirá identificar con maior precisión o custo efectivo dos servizos locais.

En definitiva, a presente norma ten por finalidade responder ao mandato previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, mediante unha regulación sistemática que se desenvolve en sete artigos agrupados en dous capítulos, unha disposición transitoria e tres disposicións derradeiras. Contén tamén dous anexos.

É preciso subliñar que non é finalidade da presente orde determinar nin fundamentar os custos dos servizos públicos para os efectos da súa consideración nos informes técnico-económicos que se deben emitir con carácter previo aos acordos de establecemento de taxas ou de prezos públicos a que se refire o artigo 25 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, nin á fixación dos prezos públicos nos termos do seu artigo 44, nin ao contido da memoria xustificativa do custo e rendemento dos servizos públicos mencionada no artigo 211 do mesmo texto legal nin á información sobre custos das actividades e indicadores de xestión que se deberán incluír na memoria das contas anuais previstas nos plans xerais de contabilidade pública adaptados á Administración local.

O capítulo I contén os artigos 1 e 2 con disposicións xerais que, nesa orde, se refiren ao obxecto e ao ámbito de aplicación da norma, de acordo co mencionado artigo 116 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril.

O capítulo II contén os artigos 3 a 7 e neles regúlanse os principios e as directrices para o cálculo do custo efectivo.

Os artigos 3 a 6 determinan os criterios de cálculo, identificando os que resultan de aplicación para determinar tanto os custos directos como os indirectos, tendo en conta as distintas fontes de información, ben as liquidacións dos orzamentos xerais das entidades locais, ben as contas anuais das entidades dependentes ou vinculadas ás entidades locais principais.

Polo que se refire á información derivada das liquidacións de orzamentos, deberá atenderse á desagregación da clasificación por programas contida na Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, antes citada.

O artigo 7 recolle determinadas previsións relativas á subministración da información e á súa publicidade, separando os servizos de prestación obrigatoria dos derivados do exercicio de competencias delegadas ou que non son propias nin delegadas, nos termos establecidos nos artigos 7 e 27 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

A disposición transitoria única recolle o prazo de remisión dos cálculos que realicen as entidades locais dos custos efectivos dos servizos para a súa publicación mentres non se produza a aprobación da modificación da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Excepcionalmente, recóllese que a publicación do ano 2014 referida aos datos de 2013 a realizará o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a partir da información contida nas liquidacións de orzamentos subministradas polas entidades locais e cun maior grao de agregación.

As dúas disposicións derradeiras recollen a habilitación que se outorga para a aplicación e execución desta norma, así como para a determinación do contido dos seus anexos mediante resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, logo de informe da asociación representativa das entidades locais con maior implantación en territorio nacional, e a entrada en vigor da presente orde, na cal se distingue a información relativa aos custos efectivos dos servizos de prestación obrigatoria da relativa aos custos efectivos dos servizos restantes que se calcularán e publicarán en 2015 e en referencia ao ano 2014.

Esta orde dítase en desenvolvemento da habilitación outorgada ao ministro de Facenda e Administracións Públicas no artigo 116.ter da Lei 7/1985, do 2 de abril.

A presente orde ministerial conta co informe favorable das entidades locais a través da Comisión Nacional de Administración Local.

En virtude do exposto, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da orde.*

O obxecto da presente orde é a regulación dos criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos locais en desenvolvemento do previsto no artigo 116 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As entidades locais deberán calcular, de acordo co previsto nesta orde, os custos efectivos de todos os servizos que presten directamente ou a través de entidades e organismos vinculados ou dependentes, de conformidade co previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, e na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

CAPÍTULO II

Principios e directrices para o cálculo do custo efectivo

Artigo 3. *Cálculo do custo efectivo dos servizos.*

O custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais é o resultado, para cada un deles, da aplicación dos criterios contidos na presente orde, e virá determinado pola agregación de dous compoñentes: custos directos, exclusivamente asociados a cada servizo, e custos indirectos determinados consonte os criterios de imputación establecidos na presente norma.

Os custos directos e indirectos identificaranse coas obrigacións recoñecidas, incluíndo tamén as obrigacións pendentes de aplicación a orzamentos, conforme os datos de execución de gasto dos orzamentos xerais das entidades locais e, de ser o caso, coas contas anuais aprobadas das entidades e organismos vinculados ou dependentes, correspondentes ao exercicio inmediato anterior a aquel en que o custo efectivo se vaia calcular, comunicar e publicar. Para estes efectos, aplicarase o nivel de desagregación da clasificación por programas contido na Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Artigo 4. *Gastos directos imputables aos servizos.*

1. Nos casos das entidades locais e organismos e entidades dependentes ou vinculados suxeitos a orzamentos limitativos, calcularase para cada servizo o gasto directo mediante a agregación dos importes que lles sexan directamente imputables nos seguintes termos:

a) Gastos de persoal: artigos 10, no que se refira a persoal directivo, 11, 12, 13, 14, 15 e 16 da clasificación económica do gasto, aprobada pola Orde EHA/3565/2008.

b) Gastos correntes en bens e servizos: artigos 20, 21, 22, 23, 24, 25 e 26 da clasificación económica do gasto, aprobada pola Orde EHA/3565/2008.

c) Gastos derivados da amortización do investimento realizado no exercicio e nos anteriores: os gastos incluídos nos artigos 60 e 62 da clasificación económica, aprobada pola Orde EHA/3565/2008, polo que se refire aos investimentos novos, e os incluídos nos artigos 61 e 63 da mesma clasificación polo que se refire ao investimento de reposición, periodificaranse polo número de anualidades a que se estenda a vida útil dos inmovilizados correspondentes e, de ser o caso, teranse en conta os criterios que aplique a entidade local de acordo coa normativa contable que resulte de aplicación.

Ás infraestruturas e aos bens do patrimonio da entidade local que teñan unha vida útil ilimitada non se lles aplicará o criterio de periodificación antes citado.

Así mesmo, incluíranse os gastos derivados da amortización de inmovilizado inmaterial ou intanxible directamente relacionados coa prestación do servizo, a que se refire o artigo 64 da clasificación económica citada, excepto o seu concepto 648.

d) Nos casos de existencia de operacións de arrendamento financeiro, considerarase o gasto reflectido no concepto 648, en canto ás cotas netas de xuros, da clasificación económica do gasto, aprobada pola Orde EHA/3565/2008.

e) Gastos en transferencias correntes e de capital contidos nos artigos 48 e 78 da clasificación económica dos orzamentos das entidades locais, sempre que estean directamente relacionados coa prestación dos servizos cuxo custo é obxecto de cálculo, e non estean recollidos noutros conceptos de gasto dos considerados para tal cálculo.

f) Calquera outro gasto non financeiro non sinalado anteriormente que teña relación coa prestación do servizo.

2. Nos casos das entidades dependentes ou vinculadas ás entidades locais que apliquen o plan xeral de contabilidade da empresa, terán en conta os gastos de explotación incluídos na conta de perdas e ganancias recollidos nas partidas 4,

«Aprovisionamentos»; 6, «Gastos de persoal»; 7, «Outros gastos de explotación», e 8, «Amortización do inmovilizado», así como calquera outro gasto non financeiro non sinalado anteriormente que teña relación coa prestación do servizo.

Artigo 5. Gastos indirectos e imputación aos servizos.

Os gastos recollidos nos grupos de programas relativos á administración xeral das políticas de gasto imputaranse proporcionalmente a cada grupo de programas ou programa atendendo ao seu volume de gasto.

Se na liquidación do orzamento se recolle información agregada correspondente a varios servizos, o gasto total imputarase a cada un deles proporcionalmente de conformidade co recollido no parágrafo anterior.

Artigo 6. Gastos nos casos de xestión indirecta dos servizos.

Nos casos de xestión indirecta, mediante as distintas formas previstas para o contrato de xestión de servizos públicos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, o custo efectivo virá determinado pola totalidade das contraprestacións económicas que aboe a entidade local ao contratista, incluídas as contraprestacións en concepto de prezo do contrato así como, de ser o caso, as subvencións de explotación ou de cobertura do prezo do servizo.

Nos casos de xestión indirecta en que a retribución do contratista a perciba directamente este dos usuarios, o custo efectivo virá determinado polos ingresos derivados das tarifas que aqueles aboen así como, de ser o caso, polas subvencións de cobertura do prezo do servizo que poidan corresponder á entidade local a que corresponde a titularidade do servizo.

Artigo 7. Subministración da información e publicidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicará antes do 1 de decembro de cada ano no seu portal web, sobre a base da información que remitan as entidades locais, de acordo co que se prevexa na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a información prevista nos anexos desta orde correspondente a cada un dos seguintes servizos:

- a) Aos servizos de prestación obrigatoria mencionados nos artigos 26.1 e 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril.
- b) Aos servizos derivados do exercicio das competencias citadas nos artigos 7, 25.2 e 27 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Disposición transitoria única. Publicación do custo efectivo.

As entidades locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas antes do 1 de novembro a información a que se refire o artigo 7 relativa ao ano anterior. Esta remisión realizarase de acordo cos modelos facilitados polo citado ministerio, mentres non se produza a modificación da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro.

Con carácter excepcional, a información relativa ao ano 2013 publicaraa o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas antes do 1 de decembro de 2014 e comprenderá exclusivamente os importes totais das obrigacións recoñecidas polas entidades locais referidos ao nivel das áreas de gasto contidas na clasificación por programas, de acordo coas liquidacións de orzamentos xerais subministradas polas citadas entidades.

A información que as entidades locais remitan ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas correspondente ao ano 2014 deberá ter en conta o nivel de desagregación da clasificación por programas contido na Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Habílitate o titular da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, no ámbito das súas competencias, para adoptar as resolucións e medidas necesarias para a aplicación e execución do disposto nesta orde.

O contido dos anexos desta orde determinarase por resolución do titular da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, que se deberá aprobar coa data límite do 30 de xuño de 2015, especificando todos os elementos citados nos anexos desta orde ministerial. As entidades locais deberán facilitar desde ese exercicio a información relativa ao ano anterior, detallando todos os elementos citados nos anexos desta orde para cada un dos servizos que recolle.

As modificacións da presente orde ministerial e o contido dos anexos requirirán informe previo da asociación representativa das entidades locais con maior implantación en territorio nacional.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante:

O artigo 7 sobre subministración de información e publicidade do custo efectivo dos servizos derivados do exercicio das competencias citadas nos artigos 7 e 27 da Lei 7/1985, do 2 de abril, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2015 e referirase á información económico-financeira de 2014.

Madrid, 6 de novembro de 2014.—O ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro Romero.

ANEXO I

Servizos de prestación obrigatoria para os municipios

Descrición	Programa orzamentario	Importe total (segundo o capítulo II da presente orde)	Unidades de referencia (1)	Forma de prestación do servizo (2)
Iluminación pública.	165			
Cemiterio.	164			
Recollida de residuos.	1621			
Limpeza viaria.	163			
Abastecemento domiciliario de auga potable.	161			
Rede de sumidoiros.	160			
Acceso aos núcleos de poboación.	1531/150P ^(*)			
Pavimentación das vías públicas.	1532/150P			
Parque público.	171/170P			
Biblioteca pública.	3321/330P			
Tratamento de residuos.	1623			
Protección civil.	135/130P			
Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.	231			
Prevenición e extinción de incendios.	136/130P			
Instalacións deportivas de uso público.	342/340P			
Transporte colectivo urbano de viaxeiros.	4411/440P			
Ambiente urbano.	1721/170P			
Ambiente urbano: parques e xardíns públicos.	171/170P			
Ambiente urbano: xestión dos residuos sólidos urbanos.	1622			
Ambiente urbano: protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.	1721/170P			

* (P): Parcial. Refírese a que parte do grupo de programas ou programas ten relación co servizo mencionado.

(1) As fontes de información poderán estar determinadas polos datos que, de ser o caso, facilitasen as entidades locais para a elaboración da enquisa de infraestrutura e equipamentos locais, salvo en relación co servizo de transporte público urbano, que será a facilitada con motivo da solicitude da subvención do transporte público urbano a que se refire a disposición adicional quinta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

(2) Indicarase a forma de xestión que proceda de entre as seguintes:

Xestión directa pola entidade local.

Xestión directa por organismo autónomo da entidade local.

Xestión directa por entidade pública empresarial.

Xestión directa por sociedade mercantil local.

Xestión indirecta mediante concesión, xestionando o concesionario o servizo polo seu risco e ventura.

Xestión indirecta interesada, compartindo a entidade local e o empresario os resultados de explotación na proporción fixada no contrato.

Xestión indirecta por concerto.

Xestión indirecta por sociedade de economía mixta.

Xestión mancomunada.

Xestión por convenio de colaboración interadministrativo.

Xestión consorciada.

ANEXO II

Servizos correspondentes a competencias propias dos municipios

Descrición	Grupo de programa/ Programa	Importe total (segundo o capítulo II da presente orde)	Unidades físicas de referencia (1)	Forma de prestación do servizo/Xestión (2)
Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística.	151/150P			
Protección e xestión do patrimonio histórico.	336/330P			
Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira.	1521/150P			
Conservación e rehabilitación da edificación.	1522/150P			
Evacuación e tratamento de augas residuais.	160			
Infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade da entidade local.	45			
Policía local.	132/130P			
Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade.	134/130P			
Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.	432/430P			
Feiras.	4311/430P			
Abastos, mercados, lonxas.	4312/430P			
Comercio ambulante.	4313/430P			
Protección da salubridade pública.	311			
Actividades funerarias.	164			
Promoción do deporte.	341/340P			
Instalacións deportivas.	342/340P			
Instalacións de ocupación do tempo libre.	337/330P			
Promoción da cultura.	334/330P			
Equipamentos culturais.	333/330P			
Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.	325/320P			
Cooperar coas administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes.	321/322/320P			

Descrición	Grupo de programa/ Programa	Importe total (segundo o capítulo II da presente orde)	Unidades físicas de referencia (1)	Forma de prestación do servizo/Xestión (2)
Conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.	323/324/320P			
Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sustentable das tecnoloxías da información e as comunicacións.	491/492			

*(P): Parcial. Refírese a que parte do grupo de programas ou programas ten relación co servizo mencionado.

(1) As fontes de información poderán estar determinadas polos datos que, de ser o caso, facilitasen as entidades locais para a elaboración da enquisa de infraestrutura e equipamentos locais, salvo en relación co servizo de transporte público urbano, que será a facilitada con motivo da solicitude da subvención do transporte público urbano a que se refire a disposición adicional quinta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

(2) Indicarase a forma de xestión que proceda de entre as seguintes:

- Xestión directa pola entidade local.
- Xestión directa por organismo autónomo da entidade local.
- Xestión directa por entidade pública empresarial.
- Xestión directa por sociedade mercantil local.
- Xestión indirecta mediante concesión, en que o concesionario xestiona o servizo o seu risco e ventura.
- Xestión indirecta interesada, compartindo a entidade local e o empresario os resultados de explotación na proporción fixada no contrato.
- Xestión indirecta por concerto.
- Xestión indirecta por sociedade de economía mixta.
- Xestión mancomunada.
- Xestión por convenio de colaboración interadministrativo.
- Xestión consorciada.